

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 19 DE FEBREIRO DE 2007

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

963/06.- Hijos de Rivera, S.A.- Legaliz. modificacións aos efectos de 1ª ocupación de Nave e apertura (Lap/233/04) de almacén no Polígono Costa Vella núm.33-34, SUNP-37.-

2136/06.- Cuadernas y Arcos, S.L.- Legaliz. modificacións executadas nos edificios do SUNP-9 de Belvís.-

2346/06.- Cosbreixo, S.L.- Legaliz. modificacións na obra de rehabilitación do edificio sito na R/ de San Pedro núm.100.-

2263/06.- Antonio Castro Toja.- Legaliz. modificacións executadas na edificación sita no Lugar de Monte da Vila núm.35.-

484/06.- Ricardo Sexto Otero.- Modificación de licenza de construción de viv. unif. en Castro de Bando.-

1884/06.- Laura Fernández Albor e D. Gonzalo A. Saavedra Ferro.- Viv. unif. na parcela 49B de de parcelación autorizada da parcela 49 de concentración de Marrozos, Corexo.-

2283/06.- Josefina López Iglesias.- Piscina na parcela sita na R/ Canteiras de Sar núm.88.-

1898/06.- Eduardo Cruz del Río.- Legaliz. e ampliación de edificación auxiliar dedicada a garaxe, executada na Rúa do Tambre núm.9.-

PRÓRROGA.-

1709/06.- Pablo Alberto Marcote Antelo.- Viv.unif. en Casas do Monte, Rial, Laraño, Parcela 4, concedida a Rocoma Tambre, S.A.(D).-

DEVOLUCIÓN FIANZAS.-

58/07.- Ricardo Souto López.-Expte...2531/05.....300 €.-

SUBSANACIÓN ERRO ACORDO X.G.L. DE DATA 01 DE AGOSTO DE 2005

1371/05.- Santiago Sur, S.L.- Construción edificio no quinteiro 8 do SUP-6 de Santa Marta.-

APROBACIÓN DE PROXECTO PARA CENTRO POLIDEPORTIVO NO SUP-3 DE PONTEPEDRIÑA

APERTURAS.-

Lap/463/06.- Sdad Coop Ltda. De vivendas Monte Aloia.- Licenza de funcionamento de garaxe en Rúa Avío, SUNP-7.

Lap/218/06.- Castromil, S.A.- Instalación de tanques e surtidores de gasoil en Praza Camilo Díaz Baliño.-

Lap/85/04.- José Antonio Torres Torres.- Taller de mantemento e limpeza do automóbil en Rúa Cota da Veiga núm.9

OCiHR

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1423/2006.- LUZ COTÓN MÍGUEZ.- Reposición da legalidade na planta baixo cuberta da vivenda na Rúa Rosario nº 13.

DENEGADAS.-

LIC/408/2006.- HORACIO IGNACIO GARCÍA IGLESIAS.- Legalización de ampliación de vivenda unifamiliar en Ponte Sarela nº 1

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas para gastos de comedor escolar ano 2007 por valor de 25.000 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á solicitude de subvención á FEMP para o desenvolvemento de diversos programas.

Apróbase solicitar á FEMP unha subvención de 18.328 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do programa de utilización didáctica da cidade "Vivir Santiago/2007".

Apróbase o programa, que contará cun orzamento de 15.000 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación do orzamento para acometer traballos de mantemento nas instalacións escolares.

Apróbase un orzamento por valor de 11.000 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación e publicación das bases do concurso de novas ideas empresariais "Compostela Activa 2007".

Apróbanse as devanditas bases.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación e publicación das bases da convocatoria de axudas para a creación de novas empresas "Compostela Activa 2007".

Apróbanse as devanditas bases.

11.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de horas extraordinarias/gratificación por servizos extraordinarios.

Apróbase o aboamento de horas extraordinarias a diverso persoal por un importe total de 23.859,21 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de plus de transporte.

Apróbase o aboamento do plus de transporte a diverso persoal.

13.- Adxudicación da Contratación das actividades incluídas no programa de Prevención de Drogodependencias a través do adestramento en competencias sociais con adolescentes.

Apróbase o gasto por importe de 10.000 euros para a realización do Programa de Prevención de Drogodependencias a través do Adestramento en Competencias Sociais con Adolescentes, con cargo ao segundo semestre do convenio de Prevención de Drogodependencias 2006/2007.

14.- Adxudicación da Asistencia técnica para a redacción dun Plan Especial de equipamentos que permita a execución dun polideportivo cuberto a carón do CEIP Rodríguez-Xixirei.

Adxudícase a asistencia técnica á empresa TALLER 8 ARQUITECTOS, SC, por importe de 19.600 euros.

15.- Adxudicación de Asistencia técnica para a Redacción do proxecto básico e de execución da ampliación do Centro Cívico de LARAÑO.

Adxudícase a asistencia técnica á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SL, por importe de 6.356,58 euros.

16.- Adxudicación de Asistencia técnica para o desenvolvemento das funcións de comunicación, mercadotecnia e distribución das actividades que comprenden o programa do Plan de Excelencia Comercial.

Adxudícase a asistencia técnica a D. Jorge Carregal Fernández, por importe de 18.700 euros.

17.- Adxudicación das Obras de Limpeza de cunetas e desbroce en parroquias do Sector Sur (xaneiro 2007).

Adxudícanse as obras á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, por importe de 59.708,03 euros.

18.- Adxudicación das Obras de mantemento e conservación de beirarrúas na zona de Sar.

Adxudícanse as obras á empresa JOSCON CONSTRUCCIONES, SL, por importe de 59.900 euros.

19.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de mantemento e reparación de vehículos municipais.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas así como o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 114.000 euros/ano.

20.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación de Asistencia técnica para a redacción do I Plan Municipal de Servizos Sociais para o período 2007-2011.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose un tipo de licitación de 74.000 euros.

21.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación de Asistencia técnica para a posta en marcha do proxecto INVENTARIO INFORMATIZADO sobre a base dun catastro previamente revisado.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose un tipo de licitación de 30.000 euros.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Mercados relativa á posta en marcha das actividades recollidas no convenio de colaboración asinado entre a Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e a Concellería de Promoción Económica e Emprego do Concello.

Apróbase a realización das actividades, a apertura do procedemento de contratación dunha asistencia técnica para a realización do “Estudo sobre o sector industrial, os procesos de produción e o uso dos tics por parte das empresas do Polígono do Tambre: Elaboración dun Mapa Industrial, e a contratación dunha asistencia técnica para a realización do Estudo sobre as necesidades formativas específicas por parte das empresas do Polígono do Tambre: Elaboración dun Mapa de Perfís Profesionais e dun Plan de Formación Adaptado para persoal do sector industrial”.

23.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación de Asistencia técnica para a realización dun Estudo sobre as necesidades formativas específicas por parte das

empresas do Polígono do Tambre: Elaboración dun Mapa de Perfís Profesionais e dun Plan de formación para persoal do sector industrial.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 30.000 euros.

24.- Aprobación de orzamento, prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación de elementos de xogos infantís no CEIP VITE I.

Apróbase o orzamento e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose un tipo de licitación de 29.986 euros.

25.- Aprobación de orzamento, prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación de elementos de xogos infantís no CEIP LAMAS DE ABADE.

Apróbase o orzamento e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose un tipo de licitación de 26.529,20 euros.

26.- Aprobación de orzamento, prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación de elementos de xogo infantís no CEIP ROXOS-VILLESTRO.

Apróbase o orzamento e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose un tipo de licitación de 27.393,40 euros.

27.- Aprobación de orzamento, prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación de elementos de xogo infantís no CEIP RODRIGUEZ XIXIREI.

Apróbase o orzamento e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 26.946,80 euros.

28.- Aprobación de orzamento, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Acondicionamento da área de xogos infantís no CEIP "LAMAS DE ABADE".

Apróbase a adxudicación de referencia á empresa CESPAS, SA, por importe de 9.543,03 euros.

29.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación de Asistencia técnica para a realización dun Estudo sobre o sector industrial, os procesos de produción e o uso das TICs por parte das empresas do Polígono do Tambre: Elaboración dun Mapa industrial.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 26.000 euros.

30.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á autorización para a redacción dun proxecto modificado do denominado "Proxecto básico e executivo das obras de rehabilitación do secadoiro da antiga fábrica de curtidos de Belvís como Centro de Interpretación Ambiental.

Autorízase a redacción do devandito proxecto modificado e adxudícase a devandita redacción e a dirección das obras a Alicia Noya Ansede, por importe de 9.849,79 euros.

31.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e emprego relativa ao apoio a un proxecto empresarial.

Acórdase o apoio ao proxecto empresarial "Kleke", de Carlos Cleríns Estrada, como iniciativa local de emprego.

32.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á resolución das alegacións presentadas contra o acordo referido sobre a revisión de tarifas do aparcamento da praza Roxa.

Resólvense as alegacións presentadas e fíxanse definitivamente as tarifas para 2007 no devandito aparcamento.

33.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa a contratación de persoal.

Renóvase o contrato dunha animadora sociocultural por non finalizar aínda a actividade para a que foi contratada.

34-54.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais.

Concédense diversas bonificacións solicitadas.

55.- Expediente TXI/97/2006 - PLUSVALÍA - Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense diversas bonificacións e exencións.

56.- Dar conta da sinatura do convenio marco de colaboración entre RENFE e o Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España.

Dáse conta do devandito convenio.

57.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de emigración e o Concello para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción socio-laboral para emigrantes retornados e inmigrantes neste Concello.

Dáse conta do devandito convenio.